

# CINECIDADADE



© caridad rodríguez pazo

## sobrevivientes

Organiza: k2c arquitectas y delegación de Santiago do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG)

Lugar: Aula de Cultura de Caixa Galicia.  
Carrera do Conde nº 18. Santiago  
Horario: 21:00 h. Entrada gratuíta

organiza

**k2c**  
ARQUITECTAS



colabora

FUNDACIÓN CAIXA GALICIA

tripomant

NEOR, S.A.

EMPRESA CONSTRUCTORA



creación animal  
diseño gráfico e publicidade

ciclo de cine do 5 ó 8 de outubro 2010

### MARTES 5

21.00 h **CAPITÁN ABU RAED**  
Amin Matalqa

### MÉRCORES 6

21.00 h **NEW YORK I LOVE YOU**  
Yvan Attal, Allen Hughes, Shunji Iwai,  
Wen Jiang, Joshua Marston, Natalie Portman,  
Scarlett Johansson, Fatih Akin,  
Randall Balsmeyer, Shekhar Kapur,  
Brett Ratner, Mira Nair.

### XÓVES 7

21.00 h **ALEMANIA, AÑO CERO**  
Roberto Rossellini

### VENRES 8

21.00 h **CINCO DÍAS EN SAIGÓN**  
Stephane Gauger

\*Todas as proxeccións son en V.O. subtitulada.

# CINECIDADE

ciclo de cine do 5 ó 8 de outubro 2010

Organiza: k2c arquitectas y delegación de Santiago do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG)

Lugar: Aula de Cultura de Caixa Galicia. Carrera do Conde nº 18. Santiago

Horario: 21:00 h. Entrada grauíta



sobreviventes

organiza

k2c  
ARQUITECTAS



colabora

FUNDACION CAIXAGALICIA

tripomant

NEOR, S.A. EMPRESA CONSTRUCTORA

NEOR

creación animal  
diseño gráfico e publicidade

comité organizador: Carmen García González y Carmen Rey López (k2c arquitectas)

colaboradores: José Manuel Gallego Fernández y Caridad Rodríguez Pazo

diseño gráfico e fotografía cartel: creación animal

comunicación: vía láctea

www.cinecidade.es / cinecidade@coag.es / www.facebook.com/CineCidade

# CINECIDADE

A cidade é un lugar de oportunidades, aínda que estas non se presentan do mesmo xeito a todos os seus habitantes. Algúns atopan nela o lugar onde desenvolver as súas vidas de forma tranquila e incluso exitosa mentres que outros deben loitar día a día para saír adiante. Non sempre se trata de facer fronte a condicións económicas ou laborais adversas, en ocasións a contenda é máis íntima, tendo que encararse con sentimentos persoais que condicionan as relacións cos demais.

Consideramos a uns e a outros sobreviventes, persoas que, de forma voluntaria ou arrastradas polas circunstancias, levan a cabo o seu proxecto de vida nunha contorna urbana e que loitan día a día, contra o destino ou contra eles mesmos, por levalo adiante.

Como en pasadas edicións quixemos mostrar cómo son as vidas deses sobreviventes en distintos países e en distintas condicións sociais. Os personaxes das historias que desfilarán pola pantalla móvense por cidades tan dispares pero tan parecidas como Berlín, Nueva York, Saigón e Ammam.

Carmen García González  
Carmen Rey López  
Comité Organizador de Cinecidade

## programa

### MARTES 5

21.00 h **CAPITÁN ABU RAED**  
Amin Matalqa

### MÉRCORES 6

21.00 h **NEW YORK I LOVE YOU**  
Yvan Attal, Allen Hughes, Shunji Iwai, Wen Jiang, Joshua Marston, Natalie Portman, Scarlett Johansson, Fatih Akin, Randall Balmeyer, Shekhar Kapur, Brett Ratner, Mira Nair

### XÓVES 7

21.00 h **ALEMANIA, ANO CERO**  
Roberto Rossellini

### VENRES 8

21.00 h **CINCO DÍAS EN SAIGÓN**  
Stephane Gauger


\*Todas as proxeccións son en V.O. subtitulada.



CAPITÁN ABU RAED

JORDANIA/2007/102 min  
DIRECCIÓN: Amin Matalqa  
REPARTO: Nadim Sawalha, Hussine Al-Souse, Udey Al-Qadise, Nadim Mushahwar, Faisal Majali, Khaled Al-Safi, Mohammad Qteshat, Ayat Najah Abd Al-Sadeq, Khuloud Khaled Issa, Rami Samara

ARGUMENTO: Abu Raed é un solitario membro do equipo de limpeza do aeroporto internacional de Ammán. Sempre quixo viaxar polo mundo, pero ao non poder facer realidade o seu soño, víveo a través de libros e de breves charlas con algún viaxeiro. Un día, atopa unha gorra de capitán nunha papeleira e un mozo do barrio velle con ela posta camiño de casa. Ao día seguinte, un grupo de nenos espéralle diante da porta, convencidos de que é piloto. Nace unha amizade entre o home e os nenos. Feliz de ter compañía, fai viaxar aos nenos polo mundo mediante historias inventadas.



NEW YORK, I LOVE YOU

EEUU/2009/110 min  
DIRECCIÓN: Yvan Attal, Allen Hughes, Shunji Iwai, Wen Jiang, Joshua Marston, Natalie Portman, Scarlett Johansson, Fatih Akin, Randall Balmeyer, Shekhar Kapur, Brett Ratner, Mira Nair  
REPARTO: Bradley Cooper, Hayden Christensen, Andy García, Rachel Bilson, Natalie Portman, Irrfan Khan, Emilie Ohana, Orlando Bloom, Christina Ricci, Maggie Q, Ethan Hawke, Anton Yelchin, James Caan, Olivia Thirlby, Drea De Matteo, Julie Christie, John Hurt, Shia LaBeouf, Ugur Yucel, Taylor Geare, Carlos Acosta, Shu Qi, Chris Cooper, Robin Wright Penn, Eli Wallach, Cloris Leachman

ARGUMENTO: Baixo a dirección dun ecléctico grupo composto por algúns dos cineastas máis imaxinativos do noso tempo, a película convídanos a penetrar na intimidade das vidas dos neiorquinos. Unha prostituta, un home de negocios, unha discapacitada, unha parella de anciáns... todos eles atopan o amor, porque todo é posible na cidade que nunca durme.



ALEMANIA, ANO CERO

ITALIA/1948/74 min  
DIRECCIÓN: Roberto Rossellini  
REPARTO: Edmund Moeschke, Werner Pittschau, Barbara Hintz, Franz Krüger, Alexandra Manys, Erich Gühne

ARGUMENTO: Ambientada en Berlín, cidade pantasma, inmediatamente despois da caída do Terceiro Reich, a película conta a historia de Edmund Koeler, un neno que vive na maior dificultade. Como moitos outros habitantes dese silencioso cúmulo de cascallos en que se converteu a cidade, Edmund percorre os edificios destruídos en busca de alimentos para a súa familia, de quen é o único sustento.



CINCO DÍAS EN SAIGÓN

VIETNAM/2007/97 min  
DIRECCIÓN: Stephane Gauger  
REPARTO: Cat Ly, The Lu Le, Han Thi Pham

ARGUMENTO: Lan, asistente de voo, chega cada semana ao aeroporto de Ho Chi Minh e dirxese ao mesmo hotel cada vez. Hai, un garda de zoo, vive tan só para os seus animais ata que o seu xefe comunícalle que o seu amado elefante será trasladado a un zoo indio. Tuy vive nos suburbios da cidade e non ten máis opción que traballar na fábrica de bambú do seu tío. Ningunha outra opción ata que decide fuxir cara á cidade. En 5 días, 3 estraños cruzarán os seus camiños en Saigón. Un deles tentará mudar o destino...

sobreviventes